

PUBLICACIÓN

Consulta pública cidadá sobre a REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERA DO CONCELLO DE RIANXO

O concello de Rianxo vai implantar o servizo de Atención temperá , este servizo ten por obxectivo dar resposta canto antes ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a súa inclusión social.

Consiste nun conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e á súa contorna.

Desde os servizos de atención temperá ofrecerase unha intervención biopsicosocial que favoreza a adquisición ou a recuperación de funcións e de habilidades persoais e sociais para a mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e da inclusión social.

O obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración sobre REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DO CONCELLO DE RIANXO solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de 10 días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na Sede Electrónica mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.